



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CARBALLO 8M – DÍA INTERNACIONAL POLOS DEREITOS DA MULLER

O 8 de marzo foi proclamado o **Día Internacional polos Dereitos da Muller** pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Dende entón, é un día reivindicación e loita pola igualdade real e efectiva das mulleres.

Foron moitos os avances conseguidos, grazas a loita feminista, pero aínda persisten desigualdades entre homes e mulleres, discriminación e a violencia que sofren as mulleres e as nenas polo simple feito de selo.

A desigualdade entre homes e mulleres é un problema estrutural que esixe unha resposta social forte que a sitúe no centro das preocupacións sociais, xunto coa violencia machista que é a máxima expresión da desigualdade.

Neste momento de crise e cambio social, é cando os avances logrados a base da loita feminista se ven gravemente ameazados. Como xa dicía Simone de Beauvoir, no século XX, “non esquezades xamais que bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan ser cuestionados. Estes dereitos nunca se dan por adquiridos, debes permanecer vixiantes toda a vosa vida”.

Malia os dereitos conquistados nas últimas décadas, temos necesidade de afianzar todos os avances conseguidos deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Non debemos esquecer os colectivos vulnerables, onde as mulleres se atopan en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

No aspecto laboral as condicións das mulleres son peores que as dos homes, segue existindo unha grande fenda salarial, unida a maiores taxas de contratos a xornada parcial. Seguen existindo teitos de cristal e chans pegañentos.

Dende o Pleno do Concello de Carballo adquirimos o compromiso de:

*Apoiar as mobilizacións convocadas polo feminismo galego para este 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres.

*Seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, e incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero e todas as áreas.

*Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades

*Fomentar a co-responsabilidade e coeducación entre a veciñanza.